a) Dado o número de alumnado do Grao e o incremento de un ano da titulación con respecto á diplomatura, o desenvolvemento das prácticas tuteladas supuxo un reto particularmente difícil de acadar. Se ben na memoria do título xa se reflexaba o proxecto do desenvolvemento das prácticas, tanto o cambio de Goberno da Comunidade Autónoma como a conciliación coas outras universidades do Sistema Universitario Galego que imparten titulacións da rama sanitaria supuxo o reprantexamento da sistemática a seguir. A estreita colaboración coa Subdirección Xeral de Innovación Docente e Investigación da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia permitíu deseñar unha oferta de unidades e servizos fóra do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS); específicamente nas *Prácticas Tuteladas V* e *Prácticas Tuteladas VI* (ambas de 4º Curso). Ofértanse prazas no CHUS, Hospital Clínico Universitario Lucus Augusti (Lugo), Hospital do Barbanza, Hospital da Costa (Burela), Hospital Virxe da Xunqueira ( Cée) e nas unidades de Atención Primaria vencelladas ás áreas sanitarias dos citados Hospitais. Esto supuxo a tramitación e visto e prace a través da Comisión de Prácticas da Facultade de Enfermaría (Campus de Santiago), Comisión e Subcomisión de Planificación USC-SERGAS e a Consello para a Coordinación da Docencia Clínica. Para garantir a calidade da docencia entre a citada Subdirección Xeral e a Facultade de Enfermaría desenvolveuse unha Guía do Titor; criterios de avaliación de competencias xerais e específicas para as *Prácticas Tuteladas I, II, III, IV, V, VI;* designación de colaboradores docentes e coordinadores de prácticas nos citados centros; restructuración da Comisión de Prácticas, na que entrou a formar parte un representante da Subdirección Xeral. Neste intre estase a realizar o deseño de un curso de formador de formadores dirixido aos novos colaboradores docentes. Con carácter periódico, a Comisión de Prácticas reúnese para facer un seguimento do desenvolvemento das prácticas tuteladas. A programación das rotacións de alumnado das diferentes materias do módulo de Prácticas Tuteladas esixe unha gran dedicación por parte da Coordinadora de Prácticas Tuteladas, quen persoalmente deseña o planing de rotacións atendendo ás competencias específicas de cada materia e situacións concretas do alumnado (conciliación da vida familiar e laboral dos estudantes, etc.)

No que atinxe á Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo (centro adscrito) as prácticas tuteladas seguen un procedemento semellante, ofertándose prazas no Hospital Clínico Universitario Lucus Augusti e Hospital da Costa (Burela) coas súas correspondentes unidades de Atención Primaria. Dentro do procedemento descrito no parágrafo anterior evítase a colisión de intereses entre ambos os dous centros.

b) En relación coas consideracións feitas sobre a prematuridade de iniciar as prácticas tuteladas no primeiro cuadrimestre do segundo curso, ambos centros consideran que a ubicación no citado curso é axeitada en base a:

As prácticas clínicas implican a formación mediante a participación activa do alumnado no plan de atención de enfermaría (PAE), a través da cal realizará a valoración, o diagnóstico e a execución de coidados enfermeiros segundo protocolos estandarizados de coidados. Os coñecementos relativos ao PAE e a súa adecuación aos protocolos básicos estandarizados de coidados adquiríronse en materias de primeiro curso de grao tales como *Fundamentos de Enfermaría e Bases para os Coidados da Saúde*. Ademáis, se considera que tal ubicación permite que o alumno adquira os resultados esperados tanto de materias ubicadas no segundo cuadrimestre do segundo curso como nas do terceiro ano de primeiro e segundo cuadrimestre, nas que se require aplicar o PAE. Sirva como exemplo: se unha competencia nas *Prácticas Tuteladas I* é "recoñece …" nas *Prácticas Tuteladas II* a citada competencia é "recoñece e usa ….." .

As prácticas clínicas non se consideraron como prácticas en empresas ás que fai referencia a normativa (RD 1393/2007), de feito, implican un número de créditos superior ao que establece a normativa para as citadas prácticas. Son prácticas tuteladas tal e como recolle a ORDEN CIN/2134/2008. Neste senso, a ubicación das prácticas clínicas no primeiro semestre de segundo curso é consitente coa maioría dos plans de estudo de Grao de Enfermaría revisados polas Comisións Académicas de ambos os dous Centros.

En relación coas consideracións feitas ao informe anual do curso 2010-2011 sobre a materia optativa "TÉCNICAS FISIOTERAPEÚTICAS BÁSICAS" debemos puntualizar que a inclusión da citada materia como optativa dentro do plan de estudos responde a:

- ✓ Os contidos desta materia aportan un coñecemento básico que consideramos que é útlil para a práctica enfermeira dende o punto de vista da coordinación entre distintos titulados da saúde para a prestación de coidados integrais.
- ✓ Respétase o contexto da ORDEN CIN/2135/2008.
- ✓ Os representantes de alumando na Comisión relatora participaron na selección das materias optativas atendendo a criterios de utilidade para a práctica enfermeira e á demanda da citada materia na anterior titulación.
- ✓ A experiencia dende a implantación do título de Grao en Enfermaría indícanos que é unha das dúas materias optativas máis demandadas.

-**Implantación e desenvolvemento das ensinanzas nos dous centros**. As ensinanzas implantáronse segundo o calendario previsto na memoria do título, de forma coordinada nos dous centros, para o cal se establecen reunións periódicas presenciais e por video-conferencia. Todas as decisións (implantación do curso ponte para diplomados en enfermaría, normas de traballo de fin de grao, recoñecemento de acreditación de competencias, etc.) se toman de xeito conxunto entre os dous centros.

As únicas dificultades atopadas á hora de coordinar as ensinanzas son as peculiaridades propias de que son un centro propio da USC e un centro do SERGAS, adscrito á USC.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Co obxectivo de garantir o cumprimento do proxecto establecido, en ambos os dous centros, creouse a figura de coordinador de curso e coordinador de prácticas tuteladas coa finalidade de detectar as debilidades e implementar medidas de mellora. O/A coordinador/a estableceu reunións periódicas con representates de alumnado e profesorado de cada curso, incorporando as suxerencias dos citados colectivos.

Reestruturación da Comisión de Prácticas, na que entrou a formar parte un representante da Subdirección Xeral.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Propoñer o cambio de semestre da materia Bases para os Coidados da Saúde que pasaría do 2º ao 1º semestre para conseguir unha maior coordinación coa materia Fundamentos de Enfermaría.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | Considerase oportuno que as dúas materias, dado o seu carácter complementario, se impartan simultaneamente. |

| RECURSOS HUMANOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

En relación coa Facultade de Enfermaría de Santiago, as circunstancias económicas, impiden a convocatoria de prazas de profesorado funcionario de universidade o que supón unha dificultade engadida para o cumprimento de ditos criterios. Debido á amortización de prazas imposta polos recortes na Administración a porcentaxe de PDI a tempo completo con sexenios/PDI a tempo completo con quinquenios variou do 66,7% no curso 2009-2010 ao 52,8 no 2011-2012. Tamén disminuíu a porcentaxe de PDI funcionario a tempo completo (89,5 *vs* 83,8 no citado periodo). Esto supuxo un esforzo adicional por parte do profesorado.

A satisfacción do persoal docente en relación aos cursos recibidos nos programas de formación e innovación docente foi elevada (4,09 sobre 5) e reflexa a utllidade dos cursos recibidos ás necesidades sentidas polo profesorado.

O incremento do número de cursos e asistentes aos mesmos do programa de formación de persoal de administración e servizos (PAS) así como a satisfación global, poñen de manifesto a utilidade dos citados cursos para o desenvolvemento das novas tarefas esixidas polo Espazo Europeo de Ensino Superior.

No centro adscrito o persoal docente pertence aos grupos A1 e A2 (licenciado e diplomado) da plantilla con praza en propiedade no SERGAS; as categorías docentes non se corresponden coas de profesorado universitario. Varios docentes están a realizar a tese de doutoramento coa finalidade de acceder ás figuras que contempla a lexislación universitaria. Independentemente desto, o principal limitante para acadar a dotación de recursos humanos é o carácter adscrito do centro. Estase a facer o esforzo por parte dos doutorandos para acadar os obxectivos prantexados pola USC para o ano 2014. A implantación da materia de *Traballo de Fin de Grao* está a supoñer unha oportunidade para a adquisición de habilidades relacionadas co ámbito da investigación por parte do PDI non doutor.

BOAS PRÁCTICAS:

- ✓ Establecemento de reunións periódicas de coodinador materia, coordinador/a curso e titulación para establecer necesidades formativas do PDI e programar actividades formativas (manexo de campus virtual, elaboración de material didáctico, etc).
- ✓ Incentivación do profesorado e PAS a realizar cursos de formación organizados pola USC, ACSUG, etc. Subvencionáronse asistencias a cursos fóra da Comunidade Autónoma.
- ✓ Establecemento de reunións periódicas do equipo de dirección coa xestora do centro e PAS para mellorar a calidade dos servizos.
- ✓ Recollida de sensibilidades e suxerencias dos Departamentos con docencia no Centro en relación coas necesidades de PDI.
- ✓ Incorporación de todo o PDI nas tarefas de titorización de Traballos Fin de Grao.

| | |
|---|---|
| ✓ Desenvolvemento de cursos de formación expresamente dirixidos á capacitación do PDI para a titorización de Traballos Fin de Grao. | |
| PROPOSTAS DE MELLORA:<br>Neste intre estase a realizar o deseño dun curso de formador de formadores dirixido aos novos colaboradores docentes. | |
| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
| Curso para persoal do SERGAS das distintas unidades asistenciais nas que se realizan as prácticas tuteladas. Os contidos inclúen criterios de avaliación das competencias, procedemento de avaliación, titorización do alumnado, criterios de seguimento do alumno, etc. | Aumento do número de colaboradores docentes e necesidade da súa capacitación para o desenvolvemento das súas competencias como titores. |

| RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

O proceso de adaptación ao novo título supuxo un esforzo adicional de recursos materiais motivado, en parte, pola dificil situación económica que atravesa o país, que podería favorecer un estancamento na dotación de recursos materiais en xeral e específicamente os destinados a docencia interactiva de laboratorios.

A pesar desto, o esforzo realizado dende o centro permitíu levar a cabo múltiples melloras en diferentes aspectos materiais e de servizos. As melloras que de seguido se recollen, planificáronse coa participación dos representantes de alumnado na Xunta de Facultade, na Comisión de Infraestruturas e na Comisión de Calidade. Esto redundou nun elevado grao de satisfacción do alumnado, non só pola súa participación na toma de decisións, senón polos resultados acadados.

**Centro propio do Campus de Santiago:**

-**Construcción de tres aulas de simulación** (na Facultade de Enfermaría de Santiago) dotadas do correspondente material, mediante axudas da Vicerreitoría de Calidade e Compromiso Social e da Vicerreitoría de Economía e Infraestructuras. Estas aulas utilízanse para as materias de *Enfermaría Clínica II* e *Enfermaría Materno-Infantil I.*

-**Dotación de 3 simuladores para laboratorio de *Fundamentos de Enfermaría***, mediante axudas da Vicerreitoría de Calidade e Compromiso Social e financiamento dos presupostos específicos do centro.

-**Dotación de maquetas de torso, brazos, pernas e esplácnico para a materia *Anatomía Humana***. Financiado cos presupostos propios da Facultade.

-**Dotación de maquetas para suturas para a materia *Enfermaría Clínica I***. Financiado cos presupostos propios da Facultade.

-**Reestructura da Aula de Informática de Docencia** con ampliación do número de postos de ordenadores a 47 postos. A aula está deseñada de xeito que permite a docencia de forma simultánea para dúas aulas (21 + 26 postos) ou como aula única de 47 postos. A obra foi financiada pola Vicerreitoría de Calidade e Compromiso Social e da Vicerreitoría de Economía e Infraestructuras, conxuntamente co centro. A restructuración consistíu na obra de remodelación e na dotación de 26 novos ordenadores, un videoproxector e unha pantalla coa súa correspondente instalación.

-**Mellora da aula de informática de acceso libre de alumnado**. Consistente na obra de reubicación e mellora de espazos.

-**Dotación de material ao laboratorio de Bioquímica e Bioloxía Molecular** (extracción de ADN) utilizando os recursos económicos do centro. Utilízase na **materia de *Bioloxía***.

-**Dotación ao laboratorio de Histoloxía** consistente en adquisición de cámara fotográfica e sistema de proxección en tempo real que permite que o alumnado vexan os cortes histolóxicos no microscopio coas notas do profesor. Utilízase na materia de ***Bioloxía*** e foi adquirido con recursos do propio centro.

- **Melloraronse as instalacións administrativas do centro**. Dotación de cadeiras ergonómicas, mellora de iluminación, etc.

-**Obras de accesibilidade e sectorización**, consistente en substitución de portas de entrada; construcción de rampa de acceso ao centro; dotación de portas antiincendio en todas as plantas do edificio; reserva de praza de aparcamento para minusválidos,etc.

Solicitáronse, e están xa aprobadas, as seguintes obras que próximamente serán executadas: construción de zona de simulación cirúrxica; creación de dous cuartos hospitalarios dotados de sistema de aspiración e osixenoterapia; reubicación de despachos para poder realizar as citadas obras.

**Centro adscrito do Campus de Lugo:**

Dado que é un centro de nova construcción non foi preciso realizar ningunha inversión en infraestrutura.

Con respecto ás inversións en infraestrutura de laboratorio adquiríronse:

- **Maquetas de sutura.**

- **Material de simulación de terapia intravenosa.**

**- Torso de auscultación de ruídos respiratorios e cardíacos.**

**- Videoproxectores para as aulas de docencia.**

Todas estas obras foron financiadas polo centro de gasto do Hospital Universitario Lucus Augusti

**BOAS PRÁCTICAS:**

O equipo de goberno de ambos os dous centros e as Comisións de infraestructuras e de Calidade realizaron propostas de mellora plasmadas en solicitudes ás Vicerreitorías de Calidade e Responsabilidade Social; Economía; Titulacións e Persoal Docente e Investigador (PDI) que permitiron a realización de obras de adaptación ao EEES; obras de reforma, acondicionamento e mellora (RAM); adquisión de material inventariable e incorporación e promoción de PDI.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Continuar a adaptación ao EEES para garantir os aspectos reseñados na memoria do título e o SGIC:

- ✓ Construción e dotación dunha aula de simulación cirúrxica

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| En setembro do curso 2012-2013 solicítase á vicerreitoría de Economía e Infraestrutura, con cargo ao Campus Vida, a construción dunha aula de simulación cirúrxica por un importe aproximado de 60.000 €. | Necesidade de implementar protocolos cirúrxicos na docencia interactiva de laboratorio nas materias *Enfermaría Clínica I* e *Enfermaría Clínica II.* |

| RESULTADOS PREVISTOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de “Resultados previstos” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de “Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos” e “Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos” do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **<u>B</u>** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

**A taxa de rendemento** no centro de Santiago foi do 91 % e do 85% no caso do centro de Lugo. Tendo en conta que se aproximan aos valores do 100% temos que interpretar que:

- ✓ O alumnado non ten dificultade para acadar os obxectivos e competencias establecidas nos distintos módulos ou materias da titulación.
- ✓ A secuenciación dos citados módulos e materias parece axeitada para acadar o resultados previstos.
- ✓ Non parece existir a necesidade dunha maior monitorización dos estudantes no proceso de matriculación.

A evolución favorable deste indicador durante o periodo de implantación da titulación parece indicar que o procedemento seguido é o correcto.

**A taxa de rendemento por nivel** ofrece datos que, de xeito global, podemos considerar como moi satisfactorios en ambos os dous centros. A evolución dos datos reflicten para 1º, 2º , 3º e 4º curso cifras que en todos os casos superan o 80% e, en moitas ocasións, entre o 90 e 0 98%. Deste xeito poderiamos extrapolar as mesmas consideracións que no indicador anterior.

**A taxa de éxito da titulación e por niveis** amosa unha evolución satisfactoria dende a implantación do título ata a actualidade, difícilmente mellorable.

**A taxa de avaliación e avaliación por niveis** é moi satisfactoria, e máis tendo en conta a taxa anteriormente mencionada.

**O número de estudantes por grupo** adáptase á normativa implantada pola USC ao Espazo Europeo. O número de alumnos nos seminarios consideramos que é excesivamente elevado, o que esixe un esforzo por parte do alumnado e do profesorado.

**A satisfacción do estudantado coa docencia recibida** é elevada e sitúase na media de satisfacción amosada polo alumnado da USC. Durante o curso 2011-2012 a USC puxo en marcha o sistema de enquisas de satisfacción a través da Secretaría Virtual do Alumnado. Se ben é certo que é de recente implantación consideramos que é necesario buscar alternativas para mellorar a participación do estudantado que, á vista dos datos, foi moi reducida.

BOAS PRÁCTICAS:

Tendo en conta que o número de alumnos de novo ingreso increméntase con traslados e outras vías de

| | |
|---|---|
| acceso contempladas por Lei, a Facultade de Enfermaría, coa conformidade dos Departamentos implicados na docencia, e a autorización da vicerreitoría de Titulacións e PDI, creou nos últimos cursos académicos "grupos de centro" para que o número de alumnado por grupo de docencia interactiva se adecuara mellor as necesidades docentes.<br><br>Coa finalidade de mellorar a satisfacción do alumnado os coordinadores de curso, teñen reunións periódicas co estudantado e coordinadores de materia para recoller as suxestións e implementar as medidas correctoras oportunas. | |
| **PROPOSTAS DE MELLORA:**<br>**Incentivar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción** | |
| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
| ✓ Realizar unha campaña de sensibilización entre o alumnado sobre a transcendencia de ditas enquisas.<br><br>✓ Facilitar o acceso aos medios para cubrir a enquisa dende o propio centro . | Incrementar a porcentaxe de participación do alumnado. |

| SISTEMA DE GARANTÍA DA CALIDADE | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Ambos os dous centros están a desenvolver unha planificación estratéxica coa finalidade de implementar de forma progresiva as melloras nas infraestruturas e de persoal que esixe a implantación do Espazo Europeo de Ensino Superior. No que atinxe á Facultade de Enfermaría de Santiago, dentro da mellora de infraestructuras inclúense as citadas no apartado de *Recursos materiais e servizos*. A dotación destes recursos planificouse para a súa execución entre os cursos académicos 2009-2010 e 2013-2014, financiadas mediante solicitudes cursadas a distintas vicerreitorías e Xerencia da USC e dos orzamentos propios do centro.

No relativo ao profesorado, ambos os dous centros, dentro do citado plan, incluíron os cursos de formación e innovación docente; ben organizados dende o propio centro e departamentos con docencia na titulación ou fomentando a participación nos que, con carácter xeral, oferta a USC.

Os responsables de Calidade de ambos os dous centros estiveron moi implicados nos procedementos para a análise de satisfacción dos distintos colectivos (estudantes, profesorado e persoal de administración e servizos) atendendo as suxestións e reclamacións. Así, sirva como exemplo, que estas últimas son respondidas nun prazo medio de 48 horas.

Como procedemento para garantir a calidade de prácticas clínicas implantouse un procedemento coordinado USC-SERGAS para a asignación de Unidades/Centros Asistenciais dentro da Comunidade Autónoma Galega, nomeamento de colaboradores docentes, establecemento de quendas de rotacións de alumnado, implementación da Guía do Titor, criterios de avaliación e enquisas de satisfacción do alumnado e colaboradores docentes.

En relación cos procedementos xerais da USC para garantir a calidade dos programas de mobilidade, as debilidades detectadas aconsellaron a modificación da normativa que regula os citados intercambios. Como consecuencia desto aprobouse unha nova normativa que entrará en vigor para o curso académico 2012-2013.

Nos últimos anos o procedemento esixe a superación dunha proba de idioma ou certificado oficial do dominio

| |
|---|
| da mesma para poder realizar o intercambio. Este cambio consideramos que é positivo para favorecer o mellor aproveitamento das estadías. |
| **BOAS PRÁCTICAS:** |
| **PROPOSTAS DE MELLORA:**<br>Establecer o procedemento a realización de enquisa ao alumnado á volta da súa estadía para coñecer o grao de adecuación e aproveitamento dos estudos realizados durante o intercambio co fin de coñecer o grao de adecuación das competencias acadadas nos centros de destino á titulación de orixe. |

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Elaborar a enquisa de avaliación de adecuación de competencias adquiridas nas estadías. | Confirmar con datos obxectivos o grao de adecuación e aproveitamento dos estudos realizados durante o intercambio. |

| CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de “Calendario de implantación” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

**Cronograma de implantación do título**. O calendario de implantación foi o previsto na memoria do título. As principais dificultades estriban na implantación simultánea no curso académico 2011-2012 de 3º e 4º curso do Grao.

**Procedemento de adaptación ao novo plan de estudos por parte dos estudantes procedentes da anterior ordenación universitaria.**

O alumnado da Diplomatura que optou por adaptarse ao Grao, o fixo sen dificultade segundo a táboa de adaptacións que figura na memoria do título.

No que respecta ao curso de adaptación de diplomados en enfermaría ao Grao (consistente no cuarto curso do Grao), ofertáronse 20 prazas no centro de Santiago e 8 no centro de Lugo. A principal dificultade estribou en que non foi posible o recoñecemento por experiencia profesional da totalidade das prácticas tuteladas de cuarto curso tal e como figuraba na memoria do título. Esto foi motivado pola publicación da modificación do Decreto que establece o límite do 15 % do créditos da titulación a través da experiencia profesional.

**Ensinanzas que se extinguen pola implantación do novo título**. A extinción do título de diplomatura non supuxo ningunha dificultade para a maioría do alumnado. Nos casos extraordinarios en que ao alumnado lle faltaban un número reducido de créditos nas materias xa extinguidas a USC regulou un procedemento polo cal o alumnado pode cursar materias do Grao para imputar a unha materia, con contidos semellantes, da titulación a extinguir.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

**4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO.**

| INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe final seguimiento de títulos Graduado o Graduada en Enfermería** | **Accións levadas a cabo (incluindo datas, responsable, estado, …)** |
| *CRITERIO 4: ACCESO Y ADMISIÓN DE ESTUDIANTES*<br>Se deberían concretar los mecanismos de apoyo y orientación a los estudiantes a lo largo de los estudios del grado y poner a disposición de los estudiantes un *Gabinete de orientación Psicopedagógica* en ambos centros. | Con respecto a este punto iniciáronse os trámites para a posta en marcha do *Gabinete de orientación Psicopedagóxica compartido* con outros centros de Ciencias da Saúde, |
| CRITERIO 5: PLANIFICACIÓN DE LAS ENSEÑANZAS<br><br>Se deberían concretar los mecanismos de coordinación docente con los que cuenta el título dentro de cada centro y entre ambos.<br><br>Se recomienda que para el inicio de las prácticas clínicas el estudiante haya alcanzado unos conocimientos suficientes. En concreto y siguiendo las instrucciones de la normativa vigente resulta prematuro iniciar las prácticas clínicas en el primer cuatrimestre de segundo curso. Este aspecto será objeto de especial revisión durante el proceso de seguimiento anual del título. | Como mecanismos de coordinación docente entre ambos centros cóntase cunha programación periódica de reunións mensuais e, ademáis, outras reunións a demanda de calquera dos centros a propósito de cuestións concretas. A análise e aplicación de todas as normativas que lle afectan aos centros fanse de forma conxunta. Cabe reseñar, con carácter especial, a planificación das prácticas tuteladas, que de forma coordinada desenvolven os dous centros e o sistema galego de saúde. En cada un dos centros coordínase a actividade docente mediante o coordinador da titulación, os coordinadores de curso e os coordinadores de materia.<br><br>En relación coas consideracións feitas sobre a prematuridade de iniciar as prácticas tuteladas no primeiro cuadrimestre do segundo curso, ambos centros consideran que a ubicación no citado curso é axeitada en base a:<br><br>As prácticas clínicas implican a formación mediante a participación activa do alumnado no plan de atención de enfermaría (PAE), a través da cal realizará a valoración, o diagnóstico e a execución de coidados enfermeiros segundo protocolos estandarizados de coidados. Os coñecementos relativos ao PAE e a súa adecuación aos protocolos básicos estandarizados de coidados adquiríronse en materias de primeiro curso de grao tales como *Fundamentos de Enfermaría e Bases para os Coidados da Saúde*. Ademáis, se considera que tal ubicación permite que o alumno adquira os resultados esperados tanto de materias ubicadas no segundo cuadrimestre do segundo curso como nas |

| | |
|---|---|
| | do terceiro ano de primeiro e segundo cuadrimestre, nas que se require aplicar o PAE. Sirva como exemplo: se unha competencia nas *Prácticas Tuteladas I* é "recoñece …" nas *Prácticas Tuteladas II* a citada competencia é "recoñece e usa …..". <br><br> As prácticas clínicas non se consideraron como prácticas en empresas ás que fai referencia a normativa (RD 1393/2007), de feito, implican un número de créditos superior ao que establece a normativa para as citadas prácticas. Son prácticas tuteladas tal e como recolle a ORDEN CIN/2134/2008. |
| Se debería revisar la inclusión de la materia optativa "TÉCNICAS FISIOTERAPEÚTICAS BÁSICAS" en el<br>grado de enfermería. Esta recomendación se realiza en el contexto de la ORDEN CIN/2135/2008, de 3 de julio. | En relación á consideracións sobre a materia optativa "TÉCNICAS FISIOTERAPEÚTICAS BÁSICAS" debemos puntualizar que a inclusión da citada materia como optativa dentro do plan de estudos responde a: <br><br> ✓ Os contidos desta materia aportan un coñecemento básico que consideramos que é útlil para a práctica enfermeira dende o punto de vista da coordinación entre distintos titulados da saúde para a prestación de coidados integrais. <br><br> ✓ Respétase o contexto da ORDEN CIN/2135/2008. <br><br> ✓ Os representantes de alumando na Comisión relatora participaron na selección das materias optativas atendendo a criterios de utilidade para a práctica enfermeira e á demanda da citada materia na anterior titulación. <br><br> ✓ A experiencia dende a implantación do título de Grao en Enfermaría indícanos que é unha das dúas materias optativas máis demandadas. |

| | |
|---|---|
| Se deberían concretar la adecuación de las acciones de movilidad previstas a los objetivos concretos del título.<br>Se debería especificar la información acerca del reconocimiento curricular y el seguimiento de las acciones de movilidad, con especial enfásis en los alumnos de la propia titulación.<br>Se debería especificar la información sobre las posibles ayudas para la financiación de la movilidad de los propios estudiantes. | En relación ás consideracións sobre a adecuación das accións de mobilidade previstas aos obxectivos da titulación están xustificadas en base a:<br><br>Os programas de mobilidade SICUE, ERASMUS, BILATERALES responden tanto aos obxectivos/competencias xerais como aos transversais e aos específicos das diferentes materias. Sirvan como exemplo:<br>✓ Adecuación a obxectivos/competencias xerais:<br>• Comprender o comportamento interactivo da persoa en función do xénero, grupo ou comunidade, dentro do seu contexto social e multicultural.<br>• Deseñar sistemas de coidados dirixidos ás persoas, familia ou grupos, avaliando o seu impacto e establecendo as modificacións oportunas.<br>• Coñecer os principios de financiamento sanitario e sociosanitario e utilizar adecuadamente os recursos dispoñibles<br>✓ Específicas, atendendo ao módulo ou materia concreta.<br>✓ Transversais:<br>• Instrumentais como comunicación oral e escrita tanto en lingua nativa como estranxeira.<br>• Persoais como, traballo nun equipo multidisciplinar e multilingüe, habilidades nas relacións interpersonais.<br>• Sistémicas, compromiso ético atendendo á variabilidade cultural, relixiosa e racial ou adaptación a novas situacións. |
| Se debería concretar que módulos o materias se impartirán en las lenguas que se han especificado en la descripción del título. | Entre as propostas de mellora está previsto establecer un procedemento para a realización de enquisas ao alumnado á volta da súa estadía co fin de coñecer o grao de adecuación e aproveitamento dos estudos realizados durante o intercambio para coñecer o grao de adecuación das competencias acadadas nos centros de destino á titulación de orixe.<br><br>No relativa ás axudas para a mobilidade, o alumnado dispón de información sobre elas, nas páxinas web, taboleiro de anuncios, charlas informativas da Oficina de Relacións Exteriores, etc. |

| | |
|---|---|
| | O alumnado disporá, no programa de cada materia, da información correspondente sobre a lingua na que será impartida. Esta información será accesible a través das páxinas **web dos respectivos centros**<br><br>Para o centro de Santiago<br><br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/<br><br>Para o centro de Lugo<br><br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/ |
| CRITERIO 6: PERSONAL ACADÉMICO<br>Se deberían concretar los tipos de contratos y dedicación docente del personal académico.<br>Se debería especificar la participación de profesores con contratos con la Universidad de Santiago en la docencia del grado en ambos centros. El amplio porcentaje de profesionales implicados en la docencia sin evidencia de contratos laborales con la Universidad de Santiago de Compostela o de funcionarios de esta institución en la Escuela de Enfermería de Lugo debería corregirse y plantear una estrategia de dotación de personal docente.<br>Los aspectos contemplados en este criterio serán objeto de especial revisión durante el proceso de seguimiento anual del título.<br>En el informe de alegaciones elaborado como respuesta al informe provisional de seguimiento se han considerado las recomendaciones existentes en el informe final de evaluación previa a la verificación del<br>título. Las acciones encaminadas a solventar y/o atender dichas recomendaciones, serán objeto de especial revisión en futuros autoinformes de seguimiento. | Na Facultade de Enfermaría do Campus de Santiago a maioría do profesorado é PDI funcionario. Debido á amortización de prazas imposta polos recortes na Administración a porcentaxe de PDI a tempo completo con sexenios/PDI a tempo completo con quinquenios variou do 66,7% no curso 2009-2010 ao 52,8 no 2011-2012. Tamén disminuíu a porcentaxe de PDI funcionario a tempo completo (89,5 *vs* 83,8 no citado periodo). Ademais cóntase con 3 contratados doutores, 1 Parga Pondal e profesorado asociado e asociado de ciencias da saúde (PACS)<br><br>No centro adscrito o persoal docente pertence aos grupos A1 e A2 (licenciado e diplomado) da plantilla con praza en propiedade no SERGAS; as categorías docentes non se corresponden coas de profesorado universitario. Varios docentes están a realizar a tese de doutoramento coa finalidade de acceder ás figuras que contempla a lexislación universitaria. Independentemente desto, o principal limitante para acadar a dotación de recursos humanos é o carácter adscrito do centro. Estase a facer o esforzo por parte dos doutorandos para acadar os obxectivos prantexados pola USC para o ano 2014. A implantación da materia de *Traballo de Fin de Grao* está a supoñer unha oportunidade para a adquisición de habilidades relacionadas co ámbito da investigación por parte do PDI non doutor. |

| INFORMES DE SEGUIMENTO (indicar o ano) | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe de seguimento do Curso Académico 2010-2011** | **Accións levadas a cabo (incluindo datas, responsable, estado, …)** |
| Observaciones generales:<br><br>- Se recomienda revisar las guías docentes del título, especialmente manteniendo una información actualizada y completa.<br><br>- Se recomienda facilitar el acceso entre las distintas webs donde existe información sobre el título (acceso y admisión, matrícula, resultados, etc.), orientandola especialmente para los estudiantes.<br>- Se recomienda extraer y resumir aquella información de la memoria de verificación del título que sea de especial interés para los estudiantes, así como se recomienda disponer de una accesibilidad directa a los resultados de indicadores y de los informes de verificación y seguimiento donde se pueda visualizar la mejora continua del título.<br>- Se recomienda incorporar en la web institucional de la Universidad de Santiago el idioma de impartición del título.<br>- Se recomienda la elaboración de una guía del título donde se recoja de forma esquemática toda la información del mismo.<br>- Se recomienda la revisión y actualización de la información en las distintas versiones (gallego, castellano e inglés) de las páginas web institucionales de la universidad.<br><br>- Se recomienda publicitar información de ofertas de empleo en la página web del centro.<br><br>- Se recomienda en futuros autoinformes de seguimiento, proporcionar sólo los enlaces principales de acceso a la información pública del título (web institucional y/o web propia del título). | O centro fixo un esforzocos coordinadores de curso e coordinadores de materia para revisar as guias docentes para evitar o solapamento de contidos e a cumprimentación axeitada dos distintos epígrafes das guías en, como mínimo, os dous idiomas oficiais da USC.<br><br>Dende a vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador en colaboración coa vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade e servizos dependentes da Xerencia da Universidade vanse a dar os pasos necesarios para que a información correspondente á páxina oficial que é administrada dende os servizos centrais incorpore as necesidades do seguimento anual dos títulos agardándose que este proceso estea rematado ao final do curso 2012-13.<br><br>Na páxina **web do centro** crearase un apartado de ***"Ofertas de emprego"*** onde se publicarán as ofertas que cheguen ao centro.<br><br>Os enlaces facilitados no presente informe anual son ou o xenérico da **web dos centros** ou ben, dentro deste, o da titulación de Grao en Enfermaría ou o de Calidade. |
| Observaciones generales:<br>- Se recomienda proponerse como proceso crítico para la calidad del título la "medición, análisis y mejora", que es la base en los procesos de seguimiento para establecer planes de mejora objetivos,<br>realistas y fundamentados en los resultados de la medición (indicadores, evidencias) y del análisis (reflexión crítica).<br>- En todos los criterios del autoinforme de | Todas as observacións tivéronse en conta na elaboración do presente informe. |

| | |
|---|---|
| seguimiento se ha realizado una valoración de satisfactorio, pero en la mayor parte de los criterios faltan datos objetivos y reflexión que sustenten dicha valoraciónasignada al criterio.<br>- A lo largo del autoinforme de seguimiento se detectan diversos errores tipográficos. | |